

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE**

**ACTA** da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **15 de febreiro de 2024**

Ás 18.09 horas do día 15 de febreiro de 2024, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D.<sup>a</sup> Marta Nóvoa Iglesias

**Deputados/as do Grupo Popular:**

D. César Manuel Fernández Gil

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D.<sup>a</sup> Patricia Torres Madureira

D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> del Carmen González Quintela

D. Manuel Seoane Rodríguez

**Deputados/as do Grupo Socialista:**

D. Álvaro Vila Araújo

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D. Aurenitno Alonso Araújo

D.<sup>a</sup> Marina Vaz Quintillán

**Deputados/as do BNG:**

D.<sup>a</sup> María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

**Deputado de Democracia Ourensana:**

D. Rafael Martínez Cachafeiro

D. Gonzalo Pérez Jácome

**Secretario:** D. Adamantino Barreiro García

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado do Grupo Popular e presidente don Luís Menor Pérez, substituído por don Rosendo Luís Fernández Fernández, asumindo a presidencia da comisión dona Marta

Nóvoa Iglesias. Non asiste a deputada do Grupo Popular dona María Teresa Barge Bello, substituída por don Manuel Seoane Rodríguez.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO  
DÍA 18 DE XANEIRO DE 2024.-**

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de xaneiro de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade do día 18 de xaneiro de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**D.<sup>a</sup> Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular,** indica que quedaba por contestar unha cuestión realizada por María José Mangana Guede, do BNG, na pasada comisión, relativa ás actuacións da artista portuguesa María do Ceo. Sinala que se lle fará entrega dun informe realizado por un asesor da Presidencia no que se indica que as actuacións tiveron lugar o día 22 de decembro en Cartelle, o 23 de decembro en Baños de Molgas, o 29 de decembro en Xunqueira de Ambía e o 30 de decembro en Moreiras-Toén. O importe total foi de 14.890 euros e que os lugares se decidiron en función das peticións dos concellos e tendo en conta a opinión da artista.

**D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista,** reitera unha pregunta xa formulada relativa á posibilidade de acceder ao expediente da sociedade Meisa.

**D.<sup>a</sup> Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular,** insiste en que ese expediente é da dita sociedade e non da Deputación.

**D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista,** sinala que se lle indique a quen debe dirixirse, xa que as peticións realizadas non obtiveron resultado.

E, ás 18.14 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

